

NOTA DE PRENSA

Data: 21 xuño de 2022

Asunto: OPOSICIÓN AO PECHE DE UNIDADES CONCERTADAS, DEMANDADAS POLAS FAMILIAS, POR PARTE DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

Á ATENCIÓN DO/A RESPONSABLE DE EDUCACIÓN

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN PECHA AULAS CONCERTADAS VULNERANDO A LIBERDADE DE ELECCIÓN E A LEXISLACIÓN VIXENTE

Escolas Católicas, familias e organizacións sindicais denuncian esta medida que afecta sobre todo a alumnado, a familias e a profesorado.

Santiago, 21/06/2022

A Consellería de Educación remitiu a varios centros escolares pertencentes á rede de Ecolas Católicas, maioritariamente da provincia de Pontevedra, resolucións provisionais de modificación dos seus concertos educativos co obxectivo de pechar unidades, especialmente na etapa da Educación Infantil para o curso 2022-2023. A Administración educativa esixe que varios destes centros manteñan unha relación media de alumnos e alumnas moi superior á existente nos centros da contorna, o que constitúe unha actuación arbitraria que vulnera totalmente a normativa de concertos vixente.

Escolas Católicas, federación que representa o 50% do ensino concertado modelo que escolariza o 29% do alumnado da comunidade; a patronal CECE, a CONGAPA, representante das familias, e os sindicatos FSIE, SNEP e USO denuncian que detrás desta medida, tomada de forma unilateral e sen negociación de ningún tipo, se agochen unha vez máis políticas de aforro nun eido tan importante como é o educativo e nun momento en que se vai implantar unha nova lei.

Ademais, consideran que se trata dunha decisión totalmente contraria á defensa da escolarización inclusiva, tan presente nas manifestacións públicas realizadas polos responsables de dita Consellería, xa que agranda as dificultades que afrontan estes centros derivadas da falta de recursos e apoio por parte de dita administración. Nesta liña, cómpre recordar que os colexios concertados levan anos reclamando, mesmo ante

o Valedor do Pobo, recursos como por exemplo a dotación de orientadores, para atender este alumnado que, segundo datos da propia Consellería, supoñen un 66% dos nenos e nenas con necesidades de apoio educativo do sistema educativo galego.

Perda de postos de traballo

Por outra parte, mentres noutras comunidades autónomas se están a negociar medidas organizativas que eviten a perda de postos de traballo afectados por ditos peches de cara a facilitar unha atención educativa de calidade para todos, a aplicación desta medida na nosa comunidade suporá tamén a perda de emprego para un número importante de docentes.

A decisión proposta supón ademais do detrimento na calidade educativa, unha lesión á liberdade de elección de centro das familias e é contraria ao espírito da Constitución Española tal e como o ratificou tamén o Tribunal Supremo en reiteradas sentenzas, onde aclara que a argumentación da administración baseada na suposta subsidiariedade da rede concertada non é defendible no noso ordenamento xurídico.

